

CALENDARIO DE PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA DE MESTRADOS UNIVERSITARIOS CURSO 2013-2014

(Aprobado no Consello de Goberno do 23 de abril de 2013)

PRAZO PARA O ESTUDANTADO DE SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS ALLEOS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR:

Establécese un prazo excepcional de preinscrición e matrícula, para os mestrados universitarios da UDC, para estudantes de sistemas universitarios estranxeiros alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior. En todo caso, o número total de estudantes admitidos non superará o 20% das prazas ofertadas. Os solicitantes deberán cumprir os requisitos de acceso no momento de realizar a preinscrición, sen prexuízo de ter que cumprir os requisitos de admisión.

ESTUDANTES DE SISTEMAS UNIVERSITARIOS ALLEOS AO EEES	
9 xaneiro – 12 abril de 2013	Preinscrición
19 de abril de 2013	Publicación lista provisional
22 – 23 abril de 2013	Reclamacións
29 de abril de 2013	Publicación lista definitiva
20 – 24 de xullo de 2013	Matrícula

PRAZO PARA O ESTUDANTADO DE TODOS OS SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS:

Establécese un prazo extraordinario de preinscrición e matrícula, para os mestrados universitarios da UDC, para estudantes de sistemas universitarios estranxeiros, tanto do EEES como alleos a este. O número total de estudantes admitidos en ambos os dous prazos non superará o 30% das prazas ofertadas. Os solicitantes deberán cumprir os requisitos de acceso no momento de realizar a preinscrición, sen prexuízo de ter que cumprir os requisitos de admisión.

ESTUDANTES DE SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS	
1 - 31 de maio de 2013	Preinscrición
7 de xuño de 2013	Publicación lista provisional
10 de xuño de 2013	Reclamacións
15 de xuño de 2013	Publicación lista definitiva
20 – 24 de xullo de 2013	Matrícula

PRAZOS XERAIS:

Establécense distintos prazos de preinscrición e matrícula nos mestrados universitarios da UDC. En cada prazo ofertaranse as prazas vacantes

existentes do total de prazas ofertadas en cada mestrado. Os solicitantes que non fosen seleccionados ou que sendo, non formalizaren a matrícula nos prazos indicados, poderán realizar una nova preinscrición, se ben neste caso non será preciso remitir de novo aos centros a documentación que xa fora entregada noutros prazos. O terceiro prazo habilitarase no caso de existiren prazas vacantes e coa solicitude expresa do centro co informe favorable da comisión do mestrado. Os solicitantes do Sistema Universitario Español deberán cumprir os requisitos de acceso no momento de se publicar a lista definitiva para formalizar a matrícula, sen prexuízo de ter que cumprir os requisitos de admisión.

1º PRAZO (xuño-xullo de 2013)	
24 xuño – 8 xullo	Preinscrición
12 xullo	Publicación lista provisional
12 – 16 xullo	Reclamacións
19 xullo	Publicación lista definitiva
20 – 24 xullo	Matrícula
2º PRAZO (agosto-setembro de 2013)	
19 agosto - 3 setembro	Preinscrición
6 setembro	Publicación lista provisional
6 – 10 setembro	Reclamacións
13 setembro	Publicación lista definitiva
14 – 18 setembro	Matrícula
3º PRAZO (setembro-outubro de 2013)	
23 setembro – 1 outubro	Preinscrición
4 outubro	Publicación lista provisional
4 – 7 outubro	Reclamacións
9 outubro	Publicación lista definitiva
10 – 14 outubro	Matrícula

A preinscrición realizarase a través do formulario on line da web da UDC. Unha vez publicada a relación definitiva de admitidos, estes matricularanse nos prazos establecidos a través secretaría virtual na internet. A non formalización da matrícula no período establecido suporá a perda da correspondente praza, sendo necesario realizar unha nova preinscrición. O aboamento correspondente aos créditos dos que se matriculen posporase, condicionado a que se realice a impartición efectiva do Mestrado de acordo co disposto no artigo 6 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Toda vez que o Mestrado acade o número de alumnos de novo ingreso necesario e, xa que logo se poda impartir, os alumnos matriculados disporán dun prazo para efectuar o aboamento dos prezos correspondentes aos créditos matriculados, que non poderá ir máis aló do día 14 de outubro do 2013.

Preinscrición de estudantes de Sistemas Universitarios Estranxeiros para o curso 2014/2015:

Coa finalidade de facilitar a planificación de accións de internacionalización e acceso aos mestrados universitarios dos estudantes procedentes de todos os sistemas universitarios estranxeiros (solicitud de bolsas, visados, etc.), tanto do Espazo Europeo de Educación Superior como de alleos a este, os prazos previstos para a vindeira edición, correspondente ao curso 2014/2015, e para as seguintes, serán os que se indican na seguinte táboa. O número total de estudantes admitidos neste prazo non poderá superar o 30% das prazas ofertadas en cada mestrado (as prazas desta reserva que non se cubriren acumularanse á quenda xeral na preinscrición). Os solicitantes alleos ao EEES deberán cumprir os requisitos de acceso no momento de realizaren a preinscrición.

ESTUDANTADO SISTEMAS UNIVERSITARIOS EXTRANXEIROS	
15 de xaneiro – 15 de abril de 2014	Preinscrición
23-25 de abril de 2014	Publicación lista provisional
28-30 de abril de 2014	Reclamacións
4-7 de maio de 2014	Publicación lista definitiva
Primeiro prazo xeral (a determinar)	Matrícula